

CANTIGA DA FEIRA DAS MENTIRAS

*Agora que veu o entroido
agora que veu o entroido
imos contar moitas trolas, trailará
imos contar moitas trolas, trailará
trolas grandes, moitas bolas!*

*Paseando polo río
paseando polo río
vin pasar unha balea, trailará
vin pasar unha balea, trailará
que chegaba dunha cea.*

*A balea foi voando,
a balea foi voando
tiña que ir sachar ao mar, trailará
tiña que ir sachar ao mar, trailará
e moitas bolas sacar!*

*Pequenas boliñas brancas,
pequenas boliñas brancas,
que quedaron da marea, trailará
que quedaron da marea, trailará
as que sobraron da cea.*

*Paseando polo río,
Paseando polo río,
a Barouta fun chegar, trailará
a Barouta fun chegar, trailará
para a feira rematar!*

*Agora que veu o entroido
agora que veu o entroido
imos contar moitas trolas, trailará
imos contar moitas trolas, trailará
trolas grandes, moitas bolas!*